

O CUCO

O cuco, cuco cuqueiro.
O cuco, cuco, cucón.
¡Madrugón e cantareiro!
¡Cantareiro e madrugón!

Óise pola carballeira
o vello cuco souril
ó nacer a Primaveira
entre o Marzo e o Abril.

¡O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
¡O cuco non me capou
e nunca me capará!

Polas mañáns ben cediño
o cuco canta: “cú-cú”
¡Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tu!

(TERRA CHÁ, 1954)



Cuco (*Cuculus canorus*). Visitante estival. Pon os ovos nos niños de outros paxaros pequenos. Vese en beiras de bosques, arboredos e monte baixo



O CUCO

**Canta cuco ou cala cuco:
eu en ti xa non che creo
desque sei que vas poñer
o teu ovo en niño alleo.**

**Desleixado e perguiceiro,
soio pensas en folgar.
¡Dices somentes dúas notas
e xa tés que descansar!**

**¡Canta cuco ou cala cuco,
perguiceiro, nugallón:
a min pouco che me importa
que esteñas cantando ou non!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



A PEGAS

Está a pega vella
como unha señora
sobor dun ramallo
cantando a deshora.
A pega carniceira,
vestida de loito,
quixera merengue,
quixera biscoito.

A pega carniceira
biscoito non ten
je come a carniza
que non cheira ben!

A pega carniceira
chama á rebordá.
¡Se unha graznea,
di a outra: “grá, grá...”!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Pega rabilonga (*Pica pica*).

Abundante en terreos
abertos, cultivos con
árbores e parques.



O PAZPALLAR

Pazpallar, meu pazpallar,
pillabán e apaixonado:
¡estás na agra a cantar
urxencias de namorado!


Ti cantas co corazón
para namorar pazpallaras,
pazpallar, pazpallarón
que senón non namoraras.

Para ti o Inverno é moi cruel,
meu pazpallar pazpalleiro.
¡Mais se queres librar del
tes palla no meu palleiro!

(TERRA CHÁ, 1954)



Paspallás (*Coturnix coturnix*). Pouco común. Maiormente visitante de verán, aínda que hai algúns sedentarios. Atópase en cultivos de cereais, pasteiros e terras ermas abrigadas e solleiras.



PAZPALLAR

**Pazpallar que cantas ledo
no centeo froleado:
¡milagre que lle das voz
a luz do maio amaiado!**

**Pazpallar eu só escoito
o teu cantar polo vran.
No inverno, as túas canciós,
meu pazpallar, ¿onde están?**

**¿Onde van as túas canciós
cando chega o tempo frío?
¿É que chas tapan as néboas?
¿Tómache a voz o resío...?**

**Si non oio o teu cantar
estou triste, sen consolo.
¡Dime onde estás, pazpallar,
e non te fagas o tolo...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



«Quaglia» de Raniero Massoli Novelli -
<http://www.flickr.com/photos/sassoferratotv/8150567966/>.